

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL DE RIBEIRA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO MANUEL COLMEIRO..

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital para realizar o Proxecto Colmeiro..

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que conta a Fundación Museo de Artes do Gravado Dixital. O proxecto Colmeiro consiste na recuperación e estapación de 49 matrices orixinais do artista que posúe a familia do pintor. Dentro do proxecto realizarase a edición dunha serie de 30 cartafoles a partir das matrices orixinais de Manuel Colmeiro. A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital (Artes, Ribeira) é unha fundación sen ánimo de lucro, que consta de tres salas expositivas, un arquivo e unha





biblioteca ilustrada de gran valor bibliográfico con máis de 8.000 volumes dende o século XV ata a actualidade. A colección de estampas supera os corenta mil rexistros, e abrangue dende incunables do século XV ata gravados de técnicas innovadoras do século XXI, o que o converte nun museo único en Galicia e en España. As súas coleccións conteñen estampas das escolas española, francesa, inglesa, flamenca, alemá, italiana e holandesa, ademais dun importante fondo de gravados de autores galegos de todos os tempos.

Por todo o anterior é a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2022, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

